

BETTY WILLIAMS

Betty Williams naceu en Belfast, Irlanda do Norte, en 1943 no seo dunha familia peculiar, con membros católicos, xudeus e protestantes. Educada na fe católica, estudou en Belfast e empezou a traballar como recepcionista.

A súa vida cambiou o 10 de agosto de 1976 cando Danny Lennon, fuxitivo do IRA, atropelou e matou a tres crianzas pequenas. Betty quedou consternada ao ver os corpos no chan. En dous días recolleu máis de 6000 firmas en favor da fin da violencia en Irlanda. Desde entón a súa vida estivo ligada ao pacifismo.

Xunto coa tía das crianzas falecidas, Mairead Corrigan e a xornalista Ciaran McKeown, fundaron a organización Movemento pola Paz en Irlanda do Norte, coñecido tamén como Comunidade de Xente Pacífica.

Organizaron unha marcha de máis de dez mil mulleres reclamando o final do conflito armado e días despois volveron saír ás rúas xunto con máis de trinta e cinco mil persoas.

Convertida nun referente en favor da paz, Betty Williams recibiu xunto a Mairead Corrigan o Premio Nobel da Paz en 1976 pola súa intensa implicación para rematar co conflito en Irlanda do Norte.

En 1980 anunciou a súa retirada da organización e dous anos despois marchou aos EEUU, onde se converteu nunha activa conferenciante. Durante as tres décadas posteriores á concesión do Nobel Williams viaxou por todo o mundo impartindo conferencias sobre temas de paz, educación, comprensión intercultural e interrelixiosa, contra o extremismo e polos dereitos das crianzas.

En 1992 fundou o *Centro Global de Estudos sobre Niños* que, cinco anos despois, deu lugar aos *Centros Mundiales de Compasión para la Infancia Internacional*, unha organización promovida por unha rede de persoas e grupos dedicados ao benestar infantil, co fin de protexer ás crianzas de ameazas como a guerra, a pobreza, a enfermidade e os abusos.

Betty Williams abandonou EEUU no ano 2005, instalándose en Irlanda do Norte, onde continuou o seu labor pacifista ata o seu falecemento, no ano 2020 en Belfast.

Ángel Díaz Fernández

1º Bacharelato A